

Caldeirón tropical

Outros nomes:

Calderón tropical o de aleta corta (ESP)

Pilotu izurde hegamotoza (EUS)

Baleia piloto de aleta curta (POR)

Short finned pilot whale (ENG)

Kortluffet grindehval (DAN)

Globicéphae tropical (FRA)

Kurzflossen Grindewal (DEU)

Características

Cetáceo con cabeza globosa, case sen bico. De entre 360-650 cm de lonxitude corporal. Aletas pectorais curtas e falciformes. O bordo anterior da aleta non presenta o característico cóbado do caldeirón común. A súa fórmula dentaria é de entre 8-12 / 8-12 por hemimandíbula e maxilar. Presenta a aleta dorsal moi adiantada e ancha na base, coa punta moi curvada e cunha chepa na parte anterior, presente só nos machos.

As femias e os machos adquiren a madurez sexual a partir dos 9-12 anos respectivamente, cando acadan de 3,5-5 metros de lonxitude. Os partos acontecen entre abril e outubro, tras un período de xestación de 15 meses. A nai aleita á súa cría durante ao menos dous anos. O intervalo entre partos é de 5-8 anos.

Do mesmo xeito que o seu conxénere, o caldeirón común, aliméntase de cefalópodes, principalmente luras, e en menor medida de polbos. Os bancos de peixe tamén forman parte da súa dieta.

Desprázase en grupos de entre 10 a 30 exemplares, cunha estrutura social formada por femias e crías de distintas idades. Os grupos poden chegar a congregarse ata varios centos de exemplares.




Ilustración: © Tokio

Distribuído polos océanos tropicais, subtropicais e augas tépedas cálidas do mundo, nas augas profundas e tamén preto do bordo da plataforma continental.

Esta especie parece abundante nas Illas Canarias, e algúns exemplares chegan a Madeira e Os Acores. Accidental no Golfo de Bizkaia. Non existen citas no Mediterráneo.




Foto: © CEMMA

Especie cazada durante séculos en Xapón e nas Antillas. Tamén en Indonesia e Sri Lanka.

Nunha escala menor foi explotada comercialmente nas Caraibas. Na actualidade é unha ameaza a mortalidade por captura accidental en artes de pesca e as malas prácticas do turismo de observación de cetáceos.



fotos: © J.A. Vázquez/AMBAR

Situación de protección

A **Directiva Hábitat (92/43/CEE)** da UE, **relativa á conservación dos hábitats Naturales e da Fauna e Flora Silvestres**, nace como contribución da Unión Europea ao Cumio de Río para a conservación da biodiversidade (1992). Esta Directiva baséase por unha banda na designación de áreas de interese para as especies, denominada Rede Natura 2000, e no establecemento dun réxime común de protección para as especies estritamente protexidas.

No Anexo II recóllense as Especies animais e vexetais de interese comunitario que precisan da designación de zonas especiais de conservación. Entre estas especies figuran varias especies de cetáceos.

A transposición desta normativa á lexislación española e autonómica dá lugar á inclusión da especie na categoría de protección de **Vulnerable**, o que obriga á posta en marcha de Plans de Conservación.



foto: © EIBE

Ameazas

Esta especie sofre as ameazas das actividades humanas:

Captura accidental en faenas pesqueiras

Contaminación química e acústica

Destrución do hábitat

Sobrepesca

Acoso e persecución por embarcacións de recreo

Impacto da navegación

A análise das ameazas, e a súa incidencia, indica que é necesario a rectificación das mesmas, eliminándoas ou minimizándoas, para garantir a supervivencia e bo estado da especie.

Proxecto para a conservación das especies de cetáceos

Para a posta en marcha dos **Plans de Conservación** das especies de cetáceos protexidas, necesítase unha recompilación de información mínima relativa á ecobiología básica dispoñible da especie, parámetros mínimos de información comportamental, ameazas potenciais e ao establecemento de medidas de conservación. Para iso lévase a cabo o proxecto: **Bases para o desenvolvemento dos plans de conservación das especies de cetáceos protexidas na "Demarcación mariña noratlántica"**.

Ten como obxecto a realización dun completo catálogo recompilatorio de información das especies de cetáceos incluídas no Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da **Listaxe de Especies Silvestres en Réximen de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas**, que están presentes no Norte Peninsular, de Galicia a Euskadi, así como nas augas da Zona Económica Exclusiva do Estado Español no Noroeste e Golfo de Biskaia, das que se teña información.

Este proxecto impulsado por **CEMMA-INT** conta coa colaboración de todas as entidades ambientais que traballan en cetáceos do Norte: **AMBAR, CEMMA, CEPESMA, e EIBE**, contando ademais coa colaboración dos máis importantes investigadores do Sur de Europa.

Organizan:

CEMMA-INT
www.cemma.org
localcemma@arrakis.es

AMBAR
www.ambarcetaceos.com/

CEPESMA
www.cepesma.org

EIBE
www.eibeh.org



Coa colaboración de:



Caldeirón tropical *Globicephala macrorhynchus*

